



**BORRADOR ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA TRANSITORIO DE RECOÑECIMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA ADMINISTRATIVA PREVISTA NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA OITAVA DA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA**

*Versión 04.10.2022*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En primeiro lugar, cómpre realizar unha breve referencia á situación anterior ao presente acordo, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que mediante a modificación operada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, estableceu a existencia dun sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao grao persoal, namentres non se desenvolva o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77 da dita lei. Quedando configurado como unha retribución adicional ao complemento de destino.

Posteriormente mediante a Orde da Consellería de Facenda do 15.01.2019 publicouse o acordo de concertación do emprego público de Galicia, cuxa sección segunda denomínase sistema de carreira profesional. Esta denominación puido levar a confusión, se ben, realmente este acordo pretendía posibilitar a implantación do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa previsto na devandita disposición transitoria e non no artigo 77 do mesmo texto legal.

En desenvolvemento do devandito acordo, publicouse a Orde da Consellería de Facenda do 28.03.2019 polo que se publica o acordo para para a implantación do réxime extraordinario de acceso ao grao I do sistema de carreira profesional do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal laboral fixo do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. De novo, cómpre facer constar que

erroneamente se emprega a terminoloxía de carreira profesional, cando realmente estase a desenvolver o sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa.

Posteriormente distintos pronunciamentos xudiciais anulan parcialmente as Ordes anteriormente indicadas.

En segundo lugar, cómpre indicar que o presente acordo ten por finalidade permitir o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, posibilitando o recoñecemento dunha retribución adicional ao complemento de destino, todo isto de conformidade co establecido na dita disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril.

Cómpre sinalar ademais que a dita disposición transitoria oitava foi modificada pola Lei 18/2021, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, de xeito que este sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa se abre a todo o persoal funcionario.

Polos motivos expostos acórdase implantar o sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario, trátase dun sistema voluntario e consolidable de carácter ordinario e extraordinario.

En terceiro lugar, resulta necesario sinalar que o presente acordo ten obxecto desenvolver o sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, que a disposición transitoria oitava da lei circunscribe para o persoal funcionario, e que se configura como unha retribución adicional do complemento de destino, complemento non previsto para o persoal laboral.

Por estes motivos o establecemento para o persoal laboral dun sistema equivalente ao previsto no presente acordo farase efectivo de conformidade co disposto na normativa laboral.

O sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

### **Sección primeira: Disposicións xerais**

#### **Primeiro. *Ambito subxectivo***

O sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario será de aplicación a:

- a) Persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Persoal funcionario das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que adaptasen os seus estatutos á dita norma e contén cunha relación de postos de traballo.
- c) Persoal funcionario suxeito á Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma, pertencente ás escalas de saúde pública e Administración sanitaria.

- d) **Persoal empregado público proposto para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira como consecuencia da superación do correspondente proceso de funcionarización do persoal laboral fixo, ao abeiro do Decreto 165/2019, do 26 de decembro.**

## **Sección segunda: sistema ordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa**

### **Segundo. Sistema ordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa**

O sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario de carácter ordinario iniciárase cun grao inicial e terá catro graos máis, aos cales se accederá cunha determinada permanenza no grao anterior sempre que se cumpran os requisitos establecidos e se teña unha avaliación favorable.

Será requisito para o recoñecemento do grao superior do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario a permanencia continuada ou ininterrompida do persoal funcionario no correspondente corpo, escala, especialidade ou agrupación profesional do seguinte período de tempo mínimo para cada grao, **agás o establecido para a promoción interna no apartado terceiro:**

- Para o acceso ao Grao I: Cinco anos desde a adquisición do grao inicial.
- Para o acceso ao Grao II: Seis anos desde a adquisición do grao I.
- Para o acceso ao Grao III: Seis anos desde a adquisición do grao II.
- Para o acceso ao Grao IV: Sete anos desde a adquisición do grao III.

Considerarase permanencia cando a persoa funcionaria estea en situación de excedencia por coidado de familiares (regulada no artigo 176, da Lei 2/2015,

do 29 de abril do emprego público de Galicia), por razón de violencia de xénero (artigo 177) e por razón de violencia terrorista (artigo 177 bis).

### **Terceiro. Retribución adicional ao complemento de destino**

O grao inicial non terá retribución.

Os graos I a IV recoñecidos aboaranse mediante unha retribución adicional ao complemento de destino como retribución complementaria de carácter fixo para o correspondente corpo, escala ou especialidade.

Este complemento será adicional aos conceptos retributivos actualmente existentes na estrutura salarial dos funcionarios públicos.

As contías anuais que se perciban por este complemento devindicaranse en 12 mensualidades e serán as seguintes (por cada grao):

<b>A</b>	2.589,12
<b>1</b>	€
<b>A</b>	1.812,00
<b>2</b>	€
<b>B</b>	1.291,20
	€
<b>C</b>	1.168,56
<b>1</b>	€
<b>C</b>	991,80 €
<b>2</b>	

<b>A</b>	801,48 €
<b>P</b>	

Estas contías serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos para a retribución do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

En caso de que o persoal funcionario acceda a un grupo o subgrupo superior a través dos procedementos establecidos de promoción interna ou de acceso libre, o período correspondente poderá computarse como período de permanencia para os efectos de de acceso ao grao que corresponda. **Este cambio** non afectará ao grao de carreira xa recoñecido.

Se o acceso se produce nun grupo ou subgrupo diferente manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente ao grao ou graos recoñecidos no grupo ou subgrupo anterior. E comezará a progresión na carreira administrativa no novo grupo ou subgrupo.

No suposto de que se teñan recoñecidos graos retribuídos en diversos grupos ou subgrupos percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos. Cando o persoal funcionario teña recoñecido máis de catro graos, percibirá o complemento de carreira correspondente aos catro graos de maior contía.

#### **Cuarto. Encadramento do grao inicial no sistema ordinario**

No segundo semestre de 2022 tramitarase o sistema ordinario de encadramento para o acceso ao grao inicial daquel persoal funcionario non cumpra os requisitos para acceder ao sistema extraordinario previsto na sección terceira deste acordo.

### **Quinto. *Desenvolvemento do sistema ordinario de recoñecemento na progresión da carreira administrativa***

No prazo de seis meses desde a sinatura deste acordo, a Administración propoñerá á comisión de seguimento o desenvolvemento regulamentario do sistema ordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa para posteriormente ser negociado na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

Teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios de avaliación: a actividade profesional; a formación e innovación; a implicación e compromiso coa organización; o cumprimento dos obxectivos individuais e colectivos da unidade administrativa; a participación en iniciativas e programas especiais, liñas de traballo específicas ou transversais, procesos de cambio, implantación de novos sistemas e, en xeral, actividades singulares que sexan acreditadas pola Dirección Xeral da Función Pública como de interese para a actividade administrativa con relevancia para o sistema de carreira profesional. E será necesario superar as avaliacións do desempeño que se determinen regulamentariamente.

### **Sección terceira: sistema excepcional de *de recoñecemento da progresión na carreira administrativa***

#### **Sexto. Concepto de sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa.**

O sistema extraordinario ten por finalidade adiantar os tempos para o acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, de xeito, que permita ao persoal cunha maior antigüidade acceder anticipadamente aos distintos graos da carreira profesional. De non ser así, recibirían o mesmo tratamento o persoal de novo ingreso e o resto.

## **Sétimo. Consolidación do recoñecemento extraordinario do grao I do sistema de carreira profesional convocado no ano 2019.**

Consólídase o recoñecemento do grao I do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa convocado no ano 2019 para persoal funcionario ou persoal con proceso selectivo de funcionarización superado e pendente de toma de posesión. Así como, o persoal que teña adquirido por recoñecemento **administrativo e/ou sentenza xudicial firme o grao I do sistema transitorio da progresión da carreira administrativa. De xeito que o todo persoal que teña recoñecido ese grao I manterá o mesmo.**

## **Oitavo. Sistema extraordinario de acceso dos graos I e II**

1. No segundo semestre de 2022 tramitarase as seguintes convocatorias de acceso extraordinario aos graos I e II do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario:

a) Acceso extraordinario ao grao II do para aquel persoal funcionario que xa teña recoñecido o grao I e acredite **once anos ininterrompidos** de antigüidade a 31.12.2021

b) Acceso extraordinario ao grao I para aquel persoal funcionario que acredite cinco anos **ininterrompidos** de antigüidade a 31.12.2021.

2. Poderá participar neste réxime extraordinario o persoal funcionario de que cumpra os seguintes requisitos:



- a) Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza),
- b) Ter a condición de persoal funcionario nesta Administración a 31.12.2021 ou ter superado o proceso de funcionarización e estar pendente da toma de posesión e coa antigüidade anteriormente indicada
- c) Cumprir algún dos criterios de avaliación establecidos no anexo I para o grao I ou no anexo II para o grao II, a 31.12.2021.

3. En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento deste complemento adicional ao complemento de destino correspondente ao grao I ou ao grao II recoñecido producirase de maneira progresiva en tres anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:

- En 2022 o 50 %
- En 2023 o 75 %
- En 2024 o 100 %

### **Noveno. Sistema extraordinario de acceso ao grao III**

No segundo semestre do ano 2024, a Dirección Xeral da Función Pública publicará a convocatoria para que aqueles/as que teñan recoñecido o grao II, e cunha antigüidade de 17 anos, poidan solicitar o encadramento no grao III. O dito grao será recoñecido con efectividade do 1 de xaneiro 2025, segundo sexa o caso, a aqueles que cumpran os requisitos establecidos.

### **Sección cuarta: disposicións finais**

### **Décimo. Dispoñibilidade orzamentaria**

Coa finalidade de garantir a suficiencia e a sostenibilidade orzamentaria, no suposto que mediante circunstancias non previstas no presente acordo resulte ampliado o seu ámbito subxectivo, de xeito que se incremente o custo da implantación do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, poderán modificarse as anualidades e/ou as porcentaxes de pagamento previstos no apartado **oitavo**.

Da dita decisión darase conta a comisión de seguimento recollida no apartado seguinte.

### **Décimo primeiro. Comisión de seguimento**

Constitúese unha comisión de seguimento coas funcións de vixilancia, interpretación e control, así como as que se sinalan no presente acordo, que estará composta por un membro de cada unha das organizacións sindicais asinantes ou adheridas a este, e un número igual de persoas por parte da Administración. Presidirá a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública ou persoa en que este delegue e será secretario/a un/unha funcionario/a público/a con rango de subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo, que actuará con voz pero sen voto.

## **Anexo I**

1. Para este réxime extraordinario de acceso ao Grao I do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario establécense os seguintes criterios de avaliación, dos que soamente será necesario acreditar un para este recoñecemento:

### **a) Formación**

-Recibida: asistencia e, de ser o caso, superación de cursos organizados e impartidos directamente por: a Escola Galega de Administración Pública, a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), a Academia Galega de Seguridade Pública, as escolas oficiais de formación do Estado e das restantes comunidades autónomas, cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e cursos impartidos por algunha Consellería da Xunta de Galicia, ou por algún ministerio da Administración Xeral do Estado ou por universidades, entes locais (concellos, deputacións provinciais). A suma de todos os cursos debe consistir nun mínimo de 4 créditos/40 horas. A estes efectos tamén serán considerados os cursos da lingua galega (iniciación, perfeccionamento, medio ou superior de linguaxe administrativa galega ou o ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas) homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, sempre que sexan dun nivel superior ao requirido para o desempeño do posto de traballo no correspondente Corpo, Escala ou categoría profesional.

A estes efectos os cursos impartidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística consideranse como impartidos por unha Consellería da Xunta de Galicia.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica. Tampouco se valoran módulos separados dun determinado curso.

-Impartida: para os/as empregados/as públicos/as que impartisen os cursos anteditos: 10 horas.

b) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola

obtención do diploma de estudos avanzados (DEA)/título de doutor/máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.

c) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública.

d) Dous anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente.

e) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.

f) Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.

g) Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores convocado pola Axencia Galega de Innovación.

## **Anexo II**

1. Para este réxime extraordinario de acceso ao Grao II do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario establécense os seguintes criterios de avaliación, dos que soamente será necesario acreditar un para este recoñecemento:

a) Formación

-Recibida: asistencia e, de ser o caso, superación de cursos organizados e impartidos directamente por: a Escola Galega de Administración Pública, a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), a Academia Galega de Seguridade Pública, as escolas oficiais de formación do Estado e das restantes comunidades autónomas, cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e cursos impartidos por algunha Consellería da Xunta de Galicia, ou por algún ministerio da Administración Xeral do Estado ou por universidades, entes locais (concellos, deputacións provinciais). A suma de todos os cursos debe consistir nun mínimo de 8 créditos/80 horas.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica. Tampouco se valoran módulos separados dun determinado curso.

-Impartida: para os/as empregados/as públicos/as que impartisen os cursos anteditos: 20 horas.

b) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA)/título de doutor/máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.

- c) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública.
- d) Dous anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente.
- e) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.
- f) Nomeamento e participación na totalidade de dous procesos como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.
- g) Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores convocado pola Axencia Galega de Innovación.